

ANEXO I
CADRO DE PERMISOS E LICENZAS DO II CONVENIO ESTATAL DA MADEIRA

Motivo de licenza	Tempo máximo	Sal. base	Pagas extra	Comp antig.	Incentivos	Com. conv.	Com. posto	Com. non sal.	Xustificación
Falecemento de pais, avós, fillos, netos, cónxuxe, irmáns e sogros	3 días naturais, ampliables ata 5 días naturais no caso de desprazamento superior a 150 km	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Documento que acredite o feito
Enfermidade grave de pais, sogros, fillos, netos, cónxuxe, irmáns e avós	3 días naturais, ampliables ata 5 días naturais no caso de desprazamento superior a 150 km	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Xustificante médico que acredite o feito
Falecemento de noras, xenros, cuñados e avós políticos	2 días naturais, ampliables ata 4 días naturais no caso de desprazamento superior a 150 km	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Documento que acredite o feito
Enfermidade grave de noras, xenros, cuñados e avós políticos	2 días naturais ampliables ata 4 días naturais no caso de desprazamento superior a 150 km	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Xustificante médico que acredite o feito
Nacemento de fillo ou adopción	3 días naturais ampliables a 5 días naturais no caso de desprazamento superior a 150 km	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Libro de familia ou certificado do xulgado
Casamento do traballador	15 días naturais	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Non	Libro de familia ou certificado oficial
Cambio de domicilio habitual	1 día laborable (1)	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Documento que acredite o feito
Deber inescusable de carácter público ou persoal	O indispensable ou o que marque a norma	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Xustificante da asistencia
Lactación ata nove meses	Ausencia dunha hora ou dúas fraccións de media hora; redución da xornada en media hora	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Libro de familia ou certificado de adopción
Traslado (artigo 40 ET)	3 días laborables	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	
Casamento de fillos	O día natural	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Documento que acredite o feito
Funcións sindicais ou de representación de traballadores	O establecido na norma	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Si	O que proceda

(1) No caso de cambio de domicilio habitual, no artigo 9 do convenio prevense 2 días para cambio de domicilio na cidade

ANEXO II.- TABOA SALARIAL 2004

CONVENIO COLECTIVO EBANISTARÍA DE LUGO

Vixencia desde o 1-1-2004 ao 31-12-2004

CATEGORÍA PROFESIONAL	SALARIO DÍA	QUINQUENIO CONSOLIDADO	SALARIO ANUAL
Encargado e similares	32,75	470,08	13.918,75
Oficial 1ª condu. e asimil.	32,67	468,71	13.884,75
Oficial 2ª condu. e asimil.	31,61	453,81	13.434,25
Peón, axudante e asimil.	30,94	444,10	13.149,50
Aprendiz 17 anos	19,60	281,53	8.330,00
Aprendiz 16 anos	17,48	251,45	7.429,00

CATEGORÍA PROFESIONAL	SALARIO MES	QUINQUENIO CONSOLIDADO	SALARIO ANUAL
Xefe oficina e proxeccionista	987,96	467,23	13.831,44
Oficial 1ª admin. e xefe taller	978,76	462,89	13.702,64
Oficial 2ª admin. e xefe taller	951,42	449,95	13.319,88
Auxiliar administrativo	933,28	441,37	13.065,92
Aprendiz maior 18 anos	921,97	436,03	12.907,58

Nota.- A duración da xornada anual de traballo efectivo será, durante o ano 2004, de 1.768 horas (artigo 42 do II convenio estatal indust. madeira).

SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Resolución do 1 de agosto de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión de bolsas de especialización para a realización de estudos sobre a muller e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en Galicia e se procede á súa convocatoria.

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter

administrativo, adscrito á Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, correspóndelle, entre outras funcións, a de fomentar a realización de estudos sobre a muller tanto de carácter xeral como específico nos eidos legal, educativo, sanitario, social e cultural.

Na Conferencia Mundial da Muller celebrada en Pekín en setembro de 1995, baixo os auspicios de Nacións Unidas aprobouse o documento Plataforma de acción, obrigándose todos os estados membros do mundo a desenvolver as distintas áreas contidas

nela. A Conferencia de Nova York A muller no ano 2000: igualdade entre os xéneros, desenvolvemento e paz para o século XXI que culmina cun documento froito da revisión da conferencia celebrada en Pekín, pronúnciase no mesmo sentido.

Así mesmo, o Consello da Unión Europea, na súa decisión do 22 de decembro de 1995, modificada pola decisión do 2 de decembro de 1996, relativa ao cuarto programa de acción comunitaria a medio prazo para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, establece como un medio de execución das áreas previstas na Plataforma de acción a realización de estudos sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres; compromiso que tamén se asume na Estratexia Marco Comunitaria sobre a igualdade entre homes e mulleres (2001-2005).

Parece conveniente tratar de impulsar estudos específicos sobre determinadas áreas, mediante bolsas de estudos que impulsen os traballos relacionados coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes na sociedade galega e nas áreas que se relacionan no anexo III.

No Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, establécense os requisitos xerais ás subvencións concedidas pola Administración autonómica, normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta resolución, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia. Así mesmo, seralle de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de tres (3) bolsas ou axudas económicas dun ano de duración, para a realización de estudos sobre a muller e a igualdade de oportunidades de mulleres e homes en Galicia.

2. A concesión destas axudas rexeráse polas bases do anexo I desta resolución.

Artigo 2º

O importe global máximo que alcanzarán as axudas é de trinta e dous mil cincocentos oitenta euros (32.580 €), a razón de dez mil oitocentos sesenta euros (10.860 €) por bolsa, das que serán deducidas as correspondentes retencións fiscais, que serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria

14.50.212A.480.0, correspondendo cinco mil catrocentos trinta euros (5.430 €) aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 e vinte e sete mil cento cincuenta euros (27.150 €) aos orzamentos do ano 2006.

Disposicións adicionais

Única.-Procederá o reintegro total ou parcial da bolsa percibida e os xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento, de acordo co establecido no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, modificado pola Lei 14/2004, do 30 de decembro, nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación.
- b) Obtención da bolsa sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.
- c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.
- d) Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e beneficiarios/as con motivo da concesión da axuda ou subvención pública.

Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario/a ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que se estableza.

Disposicións derradeiras

Única.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2005.

Marta González Vázquez
Directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

ANEXO I

Bases

Primeira.-Obxecto e dotación.

1. As bases contidas neste anexo teñen por obxecto determinar as condicións e requisitos que deben rexer a concesión de bolsas de acordo co establecido no artigo 1 desta resolución.

2. A contía das axudas será de dez mil oitocentos sesenta euros (10.860 €) cada unha, pagadoiras en doce mensualidades de novecentos cinco euros

(905 €), nas que se aplicará a correspondente retención fiscal.

Segunda.-Carácter da bolsa.

1. Dado o seu carácter formativo e de apoio ao estudo que realizará o/a bolseiro/a, a concesión destas bolsas non implica relación laboral ou administrativa entre o/a beneficiario/a e o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, nin dará lugar á súa inclusión na Seguridade Social.

2. O/a bolseiro/a deberá dedicarse de maneira plena a realizar os estudos para os que foi concedida a bolsa, con aceptación das indicacións da dirección do traballo. É incompatible o disfrute da bolsa coa percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas para o mesmo fin .

Terceira.-Condicións xerais.

Para optar a estas bolsas é necesario:

a) Posuír, na data da solicitude, a titulación de licenciado/a universitario/a referida á área do estudo que se vaia realizar.

b) Que no momento de presentación da solicitude non transcorresen máis de cinco anos desde a obtención da devandita licenciatura.

Cuarta.-Centros de realización.

Os estudos ou traballos serán realizados en calquera centro universitario ou departamento de investigación de Galicia, no que o/a bolseiro/a se incorporará, segundo o que se estableza no escrito de aceptación do dito centro sobre a realización e dirección do estudo.

Quinta.-Solicitudes.

1. A solicitude destas bolsas farase mediante escrito dirixido á directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, segundo modelo do anexo II, xunto aos seguintes documentos:

a) Fotocopia do DNI compulsada.

b) Currículo vitae do/a solicitante, cos documentos acreditativos dos méritos alegados.

c) Certificación académica completa e fotocopia do título de licenciatura correspondente ou, no seu defecto, xustificación do pagamento dos dereitos de expedición.

d) Outros datos que se poidan xustificar documentalmente e que o/a solicitante considere de interese en relación coa bolsa.

e) Escrito da entidade ou departamento onde se vai desenvolver o traballo no que figure a súa aceptación expresa.

f) Escrito do/a director/a do traballo manifestando a súa aceptación e o compromiso de dirixilo.

g) Memoria descritiva do estudo que se vai realizar, con mención dos seus obxectivos, metodoloxía, tempo de duración previsto, e cantos outros se consideren de interese, en especial se o dito estudo forma parte dun proxecto máis amplo realizado pola entidade na que se integra o/a bolseiro/a. A memoria debe estar conformada polo/a director/a do traballo.

h) No caso de formar parte dun proxecto máis amplo, memoria sinxela onde se relacionen os traballos xa realizados e en curso, e composición e pequeno currículo do equipo que o integra, asinado polo/a director/a do proxecto.

i) Declaración das bolsas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes para a realización do estudo.

2. A presentación das solicitudes farase no rexistro xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (Praza de Europa, 15-A-1º. Área Central. As Fontiñas, Santiago de Compostela) ou ben por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Sexta.-Prazo.

1. O prazo de presentación das solicitudes é de corenta días (40) naturais desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, o órgano competente requirirá o/a solicitante para que, no prazo de dez (10) días, achegue os documentos preceptivos ou emenda os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixera, se considerará desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 e de conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Sétima.-Procedemento.

1. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no artigo 9 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia coas concrecións que se establecen nos parágrafos seguintes.

2. Unha vez realizados os trámites realizados no artigo 9 do antedito decreto, os expedientes remítanse á comisión de valoración para o seu informe, proposta de resolución e posterior elevación ante o órgano competente para resolver.

3. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a comisión de valoración estará composta pola secretaria do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, que a presidirá, e serán vogais a/o xefa/e do Servizo de Estudos e Programas e a/o xefa/e do Servizo de Cooperación, que actuará como secretaria/o.

4. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas, valorando os méritos acreditados conforme ao seguinte baremo:

a) Obxecto do estudo que se vai realizar (terase en conta que o obxecto do estudo corresponde a algunha das áreas relacionadas no anexo III da convocatoria): 0,50 puntos.

b) Expediente académico e currículum vitae:

b.1. Valorarase a puntuación media final da licenciatura relacionada co obxecto do estudo de acordo coa seguinte escala:

b.1.1. Cualificación de aprobado: 0,10 puntos.

b.1.2. Cualificación de notable: 0,30 puntos.

b.1.3. Cualificación de sobresaliente: 0,60 puntos.

b.1.4. Cualificación de matrícula de honra: 1 punto.

b.2. Valorarase o currículum vitae das/os interesadas/os en función da seguinte escala (máximo 1 punto):

b.2.1. Asistencia a congresos, seminarios, xornadas e cursos que teñan relación co obxecto do estudo cunha duración igual o inferior a 50 horas lectivas: 0,10 puntos.

b.2.2. Asistencia a congresos, seminarios, xornadas e cursos que teñan relación co obxecto do estudo cunha duración superior a 50 horas lectivas: 0,20 puntos.

b.2.3. Publicacións: 0,30 puntos.

b.2.4. Doutoramento: 0,40 puntos.

c) A integración do estudo noutros programas de investigación: 0,50 puntos.

d) Entrevista persoal (a comisión de valoración poderá realizar unha entrevista persoal co obxecto de valorar a capacidade da/o solicitante para executar o estudo obxecto da bolsa): máximo 3 puntos.

Só se valorarán os méritos acreditados documentalmente.

Oitava.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes das axudas, logo do informe da comisión de valoración, de cumprir o trámite de audiencia cando proceda e, fiscalizada a proposta pola respectiva intervención, corresponderalle á directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. A devandita resolución poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa comunicación.

2. A resolución dos expedientes deberase producir no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o devandito prazo sen que recaese resolución expresa, esta entenderase desestimada.

Novena.-Do pagamento e efectividade.

1. Formulada a adscrición e ratificada polo/a director/a do estudo, dentro dos quince (15) días seguintes á notificación da resolución procederase ao pagamento da cantidade mensual fixada na base primeira, con efecto a mes vencido.

2. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá en calquera momento da realización da bolsa, solicitarlle ao/á bolseiro/a un informe sobre as súas actividades. En todo caso, o/a bolseiro/a remitirá trimestralmente a partir do outorgamento da bolsa o citado informe.

3. Con anterioridade ao aboamento da derradeira mensualidade, o/a bolseiro/a achegará unha declaración que acredite que durante o período de desfrute da bolsa non percibiu ningunha axuda, remuneración, nin outra bolsa.

4. O/a bolseiro/a fará entrega do estudo en soporte escrito e informático en lingua galega, realizado no prazo máximo dun ano contado desde a concesión da axuda, e un informe por escrito do traballo desenvolvido ao que se xuntará informe do/a director/a do proxecto. Mentres non se presente o mencionado informe, non se efectuará o pagamento correspondente á última mensualidade.

Décima.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificacións da resolución da concesión.

Undécima.-Publicación do estudo.

O/a bolseiro/a cederá en exclusiva ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

os dereitos de propiedade intelectual que deriven do estudo realizado, reservándose por conseguinte este organismo a facultade da súa publicación total ou parcial.

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE FAMILIA,
 XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE ESPECIALIZACIÓN DE ESTUDOS SOBRE A MULLER	FM430A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

D.N.I.		DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO

DATOS BANCARIOS

BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA
-------	---------	------	-------

Á presente solicitude achégase a seguinte documentación sinalada na base 5 do anexo I:

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 1 de agosto de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión de bolsas de especialización para a realización de estudos sobre a muller e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en Galicia e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NUMERO DE REGISTRO
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAIDA / /

Directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

ANEXO III

Áreas obxecto de estudo

1. Exclusión social.
2. Educación.
3. Saúde.
4. Violencia.

5. Traballo.
6. Medios de comunicación.
7. Medio natural.
8. A pobreza.
9. A economía.
10. Poder e toma de decisións.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 27 de xullo de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outros) do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso da quenda de promoción interna e do sistema de acceso libre.

En sesión que tivo lugar o 27 de xullo de 2005, o tribunal V-B, designado pola Orde do 12 de agosto de 2004 (DOG nº 162, do 20 de agosto) pola que se nomean os membros do tribunal que deberán cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outros) do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado polas ordes da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 19 de decembro de 2003 (DOG nº 252, do 30 de decembro), e de conformidade co disposto nas ditas ordes de convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.-Vistas as alegacións presentadas á baremación provisional da fase de concurso, facer públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición polas quendas de promoción interna e de acceso libre, que se atopan expostas na Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e nas súas delegacións provinciais, así como na páxina web www.xunta.es.

Segundo.-Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2005.

José Manuel Maceira Caldelas
Presidente do tribunal V-B

Resolución do 28 de xullo de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 011 (limpador/a e outros) do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso da quenda de promoción interna e do sistema de acceso libre.

O tribunal V-C, designado pola Orde do 12 de agosto de 2004 (DOG nº 162, do 20 de agosto) pola que se nomean os membros do tribunal que deberán cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 011 (limpador/a e outros) do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado polas ordes da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 19 de decembro de 2003 (DOG nº 252, do 30 de decembro), e de conformidade co disposto nas ditas ordes de convocatoria

ACORDOU:

Primeiro.-Vistas as alegacións presentadas á baremación provisional da fase de concurso, facer públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición polas quendas de promoción interna e de acceso libre, que se atopan expostas na Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e nas súas delegacións provinciais, así como na páxina web: www.xunta.es.

Segundo.-Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2005.

Víctor Gallego Vincent
Presidente do tribunal V-C

Resolución do 1 de agosto de 2005, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), pola que se publica a puntuación da fase de concurso.

En sesión que tivo lugar o día 1 de agosto de 2005, o tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C),